

## **ACORDO DO PLENO, DO 22 DE NOVEMBRO DE 2023, DO CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA POLO QUE SE APROBA O PROCEDIMENTO DO SISTEMA INTERNO DE INFORMACIÓN DO CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA, MODIFICADO POLO ACORDO DO PLENO DO 3.9.2025**

O Pleno do Consello Consultivo de Galicia, na súa reunión plenaria do 22 de novembro de 2023, adoptou o acordo polo que se aproba o procedemento do Sistema interno de información no Consello Consultivo de Galicia.

A Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción (en diante, Lei 2/2023, do 20 de febreiro), establece a obrigaón para todas as administracións públicas, as entidades integrantes do sector público, así como os órganos constitucionais, os de relevancia constitucional e institucións autonómicas análogas aos anteriores, a dotarse dun Sistema Interno de Información previa consulta coa representación legal das persoas traballadoras (en diante, SII).

O título II da referida Lei contén o réxime xurídico do Sistema interno de información, que abarca tanta a canle, entendido como caixa de correo (para correo postal) ou caixa de entrada (para correo electrónico) ou medio para a recepción da información, como a designación do responsable do sistema e do procedemento, que debe ser aprobado polo órgano de goberno de cada entidade ou institución incluída no ámbito de aplicación da lei.

O Sistema interno de información está accesible de forma clara e separada na páxina web do Consello Consultivo de Galicia na seguinte dirección: <https://ccgalicia.es/canle-interna>

O pasado 21 de febreiro publicouse no BOE a Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción que traspón ao dereito interno a Directiva (UE) nº 2019/1937 do Parlamento Europeo e do Consejo, do 23 de outubro de 2019,

relativa á protección das persoas que informen sobre infraccións do Dereito da Unión (en diante, Directiva).

A finalidade da norma é a de protexer ás persoas que nun contexto laboral ou profesional detecten infraccións penais ou administrativas graves ou moi graves e as comuniquen, mediante os mecanismos regulados na mesma.

Polo que se refire ao seu ámbito de aplicación, ademais de protexer a quen informe sobre as infraccións do dereito da Unión previstas na Directiva, a Lei 2/2023, do 20 de febreiro, abarca tamén as infraccións penais e administrativas graves e moi graves do noso ordenamento xurídico.

Considerouse necesario, por tanto, ampliar o ámbito material da Directiva ás infraccións do ordenamento nacional, pero limitado ás penais e ás administrativas graves ou moi graves, para permitir que tanto as canles internas de información como as externas poidan concentrar a súa actividade investigadora nas vulneracións que se considera que afectan con maior impacto ao conxunto da sociedade.

Exclúense do ámbito de aplicación material os supostos que se rexen pola súa normativa específica, isto é, aquela que regula os mecanismos para informar sobre infraccións e protexer aos informantes, previstos por leis sectoriais ou polos instrumentos da Unión Europea enumerados na parte II do anexo da Directiva (UE) nº 2019/1937.

Xunto coa descrición do ámbito obxectivo de aplicación, precisa a lei o ámbito subxectivo, isto é, as persoas que están protexidas fronte a posibles represalias. Así, a protección outorgada pola Lei 2/2023, do 20 de febreiro esténdese como posibles informantes a todos os citados no artigo 3 da devandita lei.

Por outra banda, a boa fe do informante, ao ter conciencia de que se produciron ou poden producirse feitos graves prexudiciais, constitúe un requisito indispensable para a protección do devandito informante. Esa boa fe é a expresión do seu comportamento cívico e contraponse a outras actuacións que, pola contra, resulta indispensable excluír da protección, tales como a remisión

de informacións falsas ou terxiversadas, así como aquelas que se obtiveron de maneira ilícita.

A configuración do Sistema interno de información debe reunir determinados requisitos, entre outros o seu uso alcanzable, as garantías de confidencialidade e as prácticas correctas de seguimento, investigación e protección do informante.

Así mesmo, resulta indispensable para a eficacia do Sistema interno de información a designación do responsable para o seu correcto funcionamento.

Débese destacar que se permite a comunicación anónima.

Cando se traslade unha comunicación, no marco do Sistema interno de información, que estea dentro do ámbito de aplicación da lei, aplicarase a regra específica contida nesta lei relativa á posibilidade de presentación e tramitación de comunicacións anónimas. De feito, a Directiva establece como principio o deber xeral de manter ao informante no anonimato.

Con base no anterior, adóptase o presente acordo a efectos de establecer o Sistema interno de información no Consello Consultivo de Galicia mediante a determinación das condicións de funcionamento da canle interna de denuncias do órgano, a aprobación do procedemento de xestión e a designación do órgano responsable do Sistema interno de información.

Por todo o anterior, para dar cumprimento ás obrigas establecidas na Lei 2/2023, do 20 de febreiro, e conforme á competencia conferida no artigo 19.2.e) da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia, e no artigo 15.1.f) do Decreto 91/2015, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, previa negociación coa representación legal dos traballadores, o Pleno deste órgano

**ACORDA:**

**Primeiro.** Aprobar o establecemento do Sistema interno de información do Consello Consultivo de Galicia.

**Segundo.** Aprobar as condicións de funcionamento da Canle interna de Información do Consello Consultivo de Galicia e a aprobación do procedemento de xestión, nos termos recolleitos no anexo deste acordo.

**Terceiro.** Aprobar a designación, como órgano responsable do Sistema interno de información, da persoa designada para exercer as funcións da Secretaría do Pleno e das Seccións.

O órgano responsable do Sistema interno de información desenvolve as súas funcións de forma independente e autónoma, sen que poida recibir instrucións de ningún tipo no seu exercicio.

O órgano responsable do Sistema interno de información desenvolve as súas funcións de forma independente e autónoma, sen que poida recibir instrucións de ningún tipo no seu exercicio.

**Cuarto.** Publicar o presente acordo, co seu anexo, na web do Consello Consultivo de Galicia no apartado habilitado especificamente para iso.

**Quinto.** Determinar que a regulación aprobada fornecerá efectos retroactivos desde o 13 de xuño de 2023.

# ANEXO

## Regulación do procedemento do Sistema interno de información do Consello Consultivo de Galicia

### ÍNDICE

1. MANDATO LEGAL
2. CANLE INTERNA DE INFORMACIÓN
3. GARANTÍAS
4. CONCEPTOS BÁSICOS
5. ÁMBITO SUBXECTIVO DE APLICACIÓN
6. ÁMBITO OBXECTIVO DE APLICACIÓN
7. PROCEDEMENTO DE DENUNCIA
  1. Información sobre as canles interna e externa de información
  2. Formas de presentar a comunicación
  3. Requisitos mínimos da denuncia
  4. Publicidades e difusión das vías de comunicacións de infraccións do SSII do CCG
  5. Principios xerais de funcionamento da Canle interna de información
  6. Dereitos das persoas usuarias da Canle interna de información
  7. Responsable do SII e responsable do tratamento de datos
  8. Procedemento de xestión da información
    - i. Recepción da información
    - ii. Trámite de admisión
    - iii. Investigación
    - iv. Finalización do procedemento
    - v. Transparencia
    - vi. Informacións ampliatorias
  9. Rexistro de informacións
  10. Natureza das investigacións
8. DATOS DE CARÁCTER PERSOAL
9. POLÍTICA DE PROTECCIÓN DE DATOS

10. ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓNS DE USO DA CANLE INTERNA DE INFORMACIÓN
11. CANLE EXTERNA DE INFORMACIÓN ANTE A AUTORIDADE INDEPENDENTE DE PROTECCIÓN DO INFORMANTE
12. NORMATIVA DE APLICACIÓN
13. INFORMACIÓNS NON INLUÍDAS NO ÁMBITO DA LEI 2/2023
14. INFRACCIÓNS DO TÍTULO IX
15. COMUNICACIÓNS FALSAS

# Regulación do procedemento do Sistema interno de información do Consello Consultivo de Galicia

## 1. MANDATO LEGAL

A Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción, que incorpora ao dereito español a Directiva (UE) nº 2019/1937, do Parlamento e do Consejo, contén o réxime xurídico do Sistema interno de información, que abarca tanto a canle para recepción da información, como o responsable do sistema e o procedemento, que debe ser aprobado polo órgano de goberno de cada entidade ou institución incluída no ámbito de aplicación da lei.

A canle interna de denuncias do Consello Consultivo de Galicia respectará as garantías que establece a Directiva (UE) nº 2019/1937 do Parlamento Europeo e do Consejo, do 23 de outubro, relativa á protección das persoas que informen sobre as infraccións do dereito da Unión, que foi incorporada ao dereito español pola Lei 2/2023, do 20 de febreiro.

## 2. CANLE INTERNA DE INFORMACIÓN

A Canle interna de Información do Consello Consultivo de Galicia é a canle electrónica habilitada para denunciar calquera infracción normativa ou acto de corrupción no ámbito laboral que se coñeza do organismo coa fin de que se investigue, e no caso de que se constate unha práctica irregular, poda ser corrixida ou reparada o antes posible, evitando ou minimizando os danos.

### 3. GARANTIAS

A Canle interna de Información do Consello Consultivo de Galicia respectará as garantías que establece a Directiva (UE) nº 2019/1937 do Parlamento Europeo e do Consejo, do 23 de outubro, relativa á protección das persoas que informen sobre as infraccións do Dereito da Unión, que foi incorporada ao dereito español pola Lei 2/2023, do 20 de febreiro, do 20 de febreiro.

A Lei protexe á persoa informante e ás persoas do seu entorno (compañeiros/as de traballo ou familiares) fronte a posibles represalias que poida sufrir como consecuencia da comunicación da infracción.

### 4. CONCEPTOS BASICOS

Para os efectos desta Política, aplícanse os termos e definicións seguintes:

**Sistema interno de información (SII):** conxunto de elementos canle/s interno/s, procedemento/s e órgano responsable) que permiten a unha persoa informante a presentación de comunicacións e garanten a súa tramitación coas debidas salvagardas.

**Canle:** medio de entrada de comunicacións.

**Persoa informante, comunicante ou informante:** calquera persoa que teña relación co Consello Consultivo de Galicia nos termos aos que se refire o artigo 3 da Lei 2/2023, do 20 de febreiro, e unicamente en relación coas infraccións previstas no artigo 2 da devandita norma legal.

**Comunicación:** transmisión, verbal ou por escrito, de información sobre infraccións, irregularidades, queixas, reclamacións, suxestións, dúbidas interpretativas, alertas ou posta en coñecemento de accións ou omisións que constitúan as infraccións previstas no artigo 2 da Lei 2/2023, do 20 de febreiro.

**Infracción:** tipo de comunicación a través da cal a persoa informante pon de manifesto unha vulneración, real ou potencial (incluídas as sospeitas razoables e os intentos de ocultar tal infracción) do ordenamento xurídico español, o ordenamento europeo ou a normativa interna que se produciu, ou que moi probablemente poida producirse, no Consello Consultivo de Galicia.

**Irregularidade:** conduta contraria ás boas prácticas, recomendacións e procedementos da organización.

**Persoa afectada:** persoa física ou xurídica á que se faga referencia na comunicación como aquela a quen se atribúe ou coa que se asocian os feitos comunicados.

**Medidas de Protección:** garantías establecidas pola lei e o SII orientadas a salvaguardar a identidade das persoas informantes e evitar que poidan ser obxecto de represalias

**Medidas de Apoio:** asistencias técnicas e, no seu caso, apoio psicolóxico e financeiro que deben prestar as entidades públicas ás persoas informantes que comuniquen ou revelen infraccións que afecten a intereses financeiros da Unión Europea, que entren no ámbito de aplicación dos actos enumerados no Anexo da Directiva (UE) 2019/1937, ou que incidan no mercado interior, así como as que poidan ser constitutivas de infracción penal ou administrativa, grave ou moi grave.

## 5. ÁMBITO SUBJECTIVO DE APLICACIÓN

A comunicación por esta Canle interna de Información pode realizala calquera persoa (persoal ao servizo do órgano consultivo, persoal de empresas externas, persoal en prácticas), de forma anónima ou de forma nominativa, na que se garanta a confidencialidade da súa identidade.

Así, poden ser persoas informantes as que obtivesen a información sobre as infraccións nun contexto laboral ou profesional no ámbito do Consello Consultivo de Galicia, comprendendo en todo caso:

a) As persoas que teñan a condición de empregados públicos do Consello Consultivo de Galicia (persoal funcionario de carreira ou interino, persoal estatutario, persoal eventual e persoal laboral).

b) Calquera persoa que traballe para ou baixo a supervisión e a dirección de contratistas, subcontratistas ou provedores do Consello Consultivo de Galicia.

É dicir, inclúense ás persoas informantes que comuniquen ou revelen publicamente información sobre infraccións obtida no marco dunha relación laboral, funcional ou estatutaria xa finalizada, persoal voluntario, bolseiro, persoas traballadoras en períodos de formación con independencia de que perciban ou non unha remuneración, así como a aqueles cuxa relación aínda non comezase, nos casos en que a información da infracción fose obtida durante o proceso de selección ou de negociación precontractual.

## 6. ÁMBITO OBXECTIVO DE APLICACIÓN

Pódese informar sobre calquera accións ou omisións relacionadas co funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, que poidan ser constitutivas das infraccións que se indican no artigo 2 da Lei 2/2023, do 20 de febreiro, nas que se inclúen:

### a) **Infraccións do Dereito da Unión Europea sempre que:**

1º. Entren dentro do ámbito de aplicación dos actos da Unión Europea enumerados no anexo da Directiva (UE) 2019/1937, con independencia da cualificación que das mesmas realice o ordenamento xurídico interno, que versan sobre as seguintes materias:

- Contratación pública.
- Servizos, produtos e mercados financeiros, e prevención do branqueo de capitais e o financiamento do terrorismo.
- Seguridade dos produtos e conformidade.

- Seguridade do transporte.
- Protección do medio ambiente.
- Protección fronte ás radiacións e seguridade nuclear.
- Seguridade dos alimentos e os pensos, sanidade animal e benestar dos animais.
- Saúde pública.
- Protección dos consumidores.
- Protección da privacidade e dos datos persoais, e seguridade das redes e os sistemas de información.

2º.- Afecten os intereses financeiros da Unión Europea tal e como se contemplan no artigo 325 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea (TFUE); ou

3º.- Incidan no mercado interior, tal e como se contempla no artigo 26, apartado 2 do TFUE, incluídas as infraccións das normas da Unión Europea en materia de competencia e axudas outorgadas polos Estados, así como as infraccións relativas ao mercado interior en relación cos actos que infrinxan as normas do imposto sobre sociedades ou con prácticas cuxa finalidade sexa obter unha vantaxe fiscal que desvirtúe o obxecto ou a finalidade da lexislación aplicable ao imposto sobre sociedades.

**b) Infraccións penais ou infraccións administrativas graves ou moi graves.**

En todo caso, entenderanse comprendidas todas aquelas infraccións penais ou administrativas graves ou moi graves que impliquen quebranto económico para a Facenda Pública e para a Seguridade Social.

De conformidade co artigo 2.4 da Lei 2/2023, do 20 de febreiro, a protección prevista na Lei non será de aplicación ás informacións que afecten á información clasificada. Tampouco afectará ás obrigas que resulten da protección do segredo profesional dos profesionais da medicina e da avogacía, do deber de

confidencialidade das Forzas e Corpos de Seguridade no ámbito das súas actuacións, así como o segredo das deliberacións xudiciais.

De conformidade co artigo 2.5 da Lei 2/2023, do 20 de febreiro, NON se inclúen no ámbito material do presente sistema, as informacións relativas a infraccións na tramitación de procedementos de contratación que conteñan información clasificada ou que fosen declarados segredos ou reservados, ou aqueles cuxa execución deba ir acompañada de medias de seguridade especiais conforme á lexislación vixente, ou nos que o esixa a protección de intereses esenciais para a seguridade do Estado.

## **7. PROCEDEMENTO DE DENUNCIA**

### **7. 1. INFORMACIÓN SOBRE AS CANLES INTERNA E EXTERNA DE INFORMACIÓN.**

Publicarase na páxina web da Institución a información seguinte:

- 1) As condicións para poder acollerse á protección en virtude da Lei 2/2023, do 20 de febreiro.
- 2) Os datos de contacto para a canle externa de información da Autoridade Independente de Protección do Informante ou autoridade autonómica competente.
- 3) Os procedementos de xestión, a maneira en que a autoridade competente pode solicitar ás persoas informantes aclaracións sobre a información comunicada ou que proporcione información adicional, o prazo para dar resposta ao informante, no seu caso, e o tipo e contido de devandita resposta.
- 4) O réxime de confidencialidade aplicable ás comunicacións e, en particular, a información sobre o tratamento dos datos persoais de conformidade co disposto no Regulamento (UE) nº 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consejo, do 27 de abril de 2016, na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e no título VII da

Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción.

5) As vías de recurso e os procedementos para a protección fronte a represalias, e a dispoñibilidade de asesoramento confidencial.

## **7.2.FORMAS DE PRESENTAR A COMUNICACIÓN**

Existen diversas formas de presentar a comunicación:

### **1.- Canal interno de información do Consello Consultivo de Galicia.**

Esta é a **vía preferente de entrada**, de carácter telemático, utilizando o formulario dispoñible na páxina web: <https://ccgalicia.es/canle-interna>

Na presentación, a persoa informante poderá identificarse utilizando un certificado electrónico ou Cl@vePIN, ou no caso de non utilizar ningún dos sistemas de autenticación, a comunicación considerarse anónima.

Esta vía permite unha comunicación bidireccional e anónima, xa que está pensada para comunicarse de maneira áxil, sen necesidade de realizar notificacións formais, e posibilita achegar documentación.

O sistema proporcionaralle un código alfanumérico a través do cal a persoa denunciante poderá obter información sobre o estado de tramitación do expediente.

### **2.- Mediante comunicación dirixida ao seguinte correo electrónico:**

[canlededenuncias@ccgalicia.es](mailto:canlededenuncias@ccgalicia.es), na que a persoa informante poderá consignar os seus datos identificativos ou realizar a comunicación de forma anónima.

### **3.- Por correo postal dirixido a:**

Persoa responsable da Canle de denuncias interna  
Rúa da Algalia de Abaixo, 24,  
C.P. 15704  
Santiago de Compostela, A Coruña

Na comunicación a persoa informante poderá consignar os seus datos identificativos ou realizala de forma anónima.

Esta forma mantense para facilitar a comunicación de información para aquelas persoas que prefiran utilizala pero está máis en desuso.

Unha vez efectuada a denuncia, a persoa responsable do sistema remitirá ou entregará un xustificante de recepción da denuncia á persoa denunciante nun prazo máximo de cinco días hábiles a partir da recepción (artigo 17.4 Lei).

### **7.3. REQUISITOS MÍNIMOS DA DENUNCIA**

A denuncia deberá conter os elementos mínimos que figuran a continuación para que se produza a posterior investigación, no caso de que sexa necesaria:

**1) Identificación da persoa denunciante**, que deberá ser tratada coa debida confidencialidade, e sobre a que deberá cumprirse coa normativa aplicable en materia de protección de denunciante e de protección de datos de carácter persoal. De conformidade co disposto na Lei 2/2023, do 20 de febreiro, admitiranse as denuncias anónimas, se estas teñen certo grao de verosimilitude.

**2) Descrición detallada do feito ou situación sospeitosa**, indicando, na medida do posible:

- Identificación da/s persoa/s responsable/s, no caso de ser coñecidas. Nome e apelidos, centro de traballo, área funcional, posto de traballo que desempeña, localidade onde desenvolve as súas funcións e demais datos dos que dispoña que permitan identificar de forma clara e unívoca á persoa sobre a que se queira comunicar información.
- Irregularidade denunciada, debendo describirse de forma detallada os feitos e motivos da mesma e especificar onde e cando tiveron lugar tales feitos, achegando a documentación de que se dispoña para acreditar os feitos, sempre que sexa posible, por calquera medio admitido en dereito preferiblemente en soporte documental, e que fose obtido de forma lícita, de acordo co disposto nas leis e as garantías constitucionais.

- No seu caso, identificación da relación laboral ou profesional que vincula á persoa informante co Consello Consultivo de Galicia, para os efectos de que lle poidan resultar de aplicación as medidas de protección que establece a Lei 2/2023, do 20 de febreiro.

#### 7.4. PUBLICIDADE E DIFUSIÓN DAS VÍAS DE COMUNICACIÓN DE INFRACCIÓNS DO SISTEMA INTERNO DE INFORMACIÓN DO CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA

A Canle interna de Información do Consello Consultivo de Galicia, de carácter telemático, configúrase como a **canle preferente para** informar das infraccións. Para estes efectos, crearase unha dirección web (url) específica e diferenciada, <https://ccgalicia.es/canle-interna>, onde se informará da política de xestión do Sistema interno de información do Consello Consultivo de Galicia e darase acceso á devandita vía de comunicación telemática, así como información sobre como utilizar o resto das vías (correo electrónico e dirección postal) do Sistema.

A citada url será accesible desde a páxina web do Consello Consultivo de Galicia e desde as intranets ou portais destinados ás persoas que teñen unha relación laboral ou profesional co Consello Consultivo de Galicia.

Do mesmo xeito, informarase o persoal empregado público do Consello Consultivo de Galicia do seu deber de remitir ao responsable do Sistema interno as comunicacións e informacións incluídas no ámbito de aplicación do presente sistema que puidesen recibir por vías distintas da canle interna.

Así mesmo, advertirase de que o incumprimento deste deber está tipificado como infracción disciplinaria moi grave.

Polo menos unha vez ao ano lembrarase ao persoal empregado público a existencia das vías de comunicación de infraccións incluídas no Sistema interno de información do Consello Consultivo de Galicia.

## 7.5. PRINCIPIOS XERAIS DE FUNCIONAMENTO DA CANLE INTERNA DE INFORMACIÓN

1. A Canle interna de Información do Consello Consultivo de Galicia réxese polo principio de accesibilidade, debido a que consiste nunha ferramenta comprensible, áxil e de fácil acceso, que permite a presentación de comunicacións, tanto anónimas como identificadas, e garante a súa total seguridade e confidencialidade. Esta garantía de confidencialidade non impide a cesión dos datos que requiran os xulgados e tribunais no exercicio da súa función xurisdiccional, ou a Fiscalía no exercicio das súas facultades de investigación.

2. O informante poderá colaborar na comprobación dos feitos, se así o decide voluntariamente.

3. A Canle interna de Información incorpora mecanismos de interacción coas persoas usuarias anónimas, que están orientados a garantir a devandita colaboración.

Por cada comunicación realizada, a Canle interna de Información asignará un código alfanumérico a través do cal a persoa usuaria, anónima ou non, pode acceder ao sistema e interactuar coa unidade xestora da canle.

4. Todas as comunicacións que se presenten mediante a Canle interna de Información serán tramitadas, de acordo con o previsto nos apartados seguintes, salvo aquelas comunicacións que incorran en falsidade evidente ou mala fe, nese caso serán inadmitidas e poderán ser obxecto das responsabilidades legais que procedan.

5. As comunicacións recibidas darán lugar no Consello Consultivo de Galicia á tramitación ordinaria do correspondente expediente pola unidade xestora da canle, previa análise da verosimilitude dos feitos comunicados.

Unha vez superado o devandito análise, comprobaranse aquelas comunicacións ou informacións que conteñan unha descrición suficiente que permita identificar o feito ou a conduta e que se refiran a actuacións das que se informa.

6. Non se admitirán e exceptuaranse de tramitar as comunicacións ou informacións que resulten carentes de fundamento, notoriamente falsas ou fundadas unicamente en opinións.

Tampouco serán admitidas as que comuniquen feitos que estean a ser investigados pola autoridade xudicial, o Ministerio Fiscal ou a policía xudicial, ou que dalgún outro modo incumpran as condicións fixadas neste acordo.

7. Queda prohibido formular comunicacións cunha finalidade diferente da que prevé este acordo ou que vulneren os dereitos fundamentais á honra, á imaxe e á intimidade persoal e familiar de terceiras persoas ou que sexan contrarias á dignidade das persoas.

8. En todo caso, a xestión da canle permitirá ao órgano responsable do seguimento do Sistema interno de información, en caso de necesidade, contar coa axuda e o soporte doutro persoal do órgano para realizar, fóra da propia canle de comunicación, as tarefas materiais necesarias para a investigación dos feitos comunicados, o cal, unha vez autorizado para iso, quedará obrigado ao deber de secreto e á confidencialidade que o obxecto das devanditas investigacións requira.

Todas estas actuacións quedarán debidamente arquivadas nos correspondentes cartafoles do xestor electrónico en uso no Consello Consultivo de Galicia, coa correspondente restrición de accesos aos mesmos.

9. Para garantir a continuidade no acceso á información xerada na Canle interna de Información, a persoa titular da unidade xestora da canle poderá ser substituída por outro membro do órgano responsable do Sistema interno de información, en caso de enfermidade, ausencia ou vacacións, ou se concorre causa legal de abstención ou recusación.

## 7.6.DEREITOS DAS PERSOAS USUARIAS DA CANLE INTERNA DE INFORMACIÓN

A persoa responsable do sistema velará pola protección e efectividade dos dereitos dos denunciante e outras persoas afectadas recoñecidos pola Lei 2/2023, do 20 de febreiro, e en particular, o dereito de confidencialidade para preservar a identidade da persoa denunciante e outras persoas afectadas, a prohibición de represalias, as medidas de apoio, etc.

A protección prevista na Lei 2/2023, do 20 de febreiro, para as persoas traballadoras que informen sobre infraccións do Dereito laboral en materia de seguridade e saúde no traballo, enténdese sen prexuízo da establecida na súa normativa específica.

A protección prevista na Lei 2/2023, do 20 de febreiro, non será de aplicación ás informacións que afecten á información clasificada. Tampouco afectará as obrigacións que resultan da protección do segredo profesional dos profesionais da medicina e da avogacía, do deber de confidencialidade das Forzas e Corpos de Seguridade no ámbito das súas actuacións, así como do secreto das deliberacións xudiciais.

Non se aplicarán as previsións da lei ás informacións relativas a infraccións na tramitación de procedementos de contratación que conteñan información clasificada ou que fosen declarados segredos ou reservados, ou aqueles cuxa execución deba ir acompañada de medidas de seguridade especiais conforme á lexislación vixente, ou nos que o esixa a protección de intereses esenciais para a seguridade do Estado.

No suposto de información ou revelación pública dalgunha das infraccións ás que se refire a parte II do anexo da Directiva (UE) nº 2019/1937 do Parlamento Europeo e do Consejo, do 23 de outubro de 2019, resultará de aplicación a normativa específica sobre comunicación de infraccións nas devanditas materias.

**Garantirase a protección das persoas** que denuncien sobre as infraccións normativas e actos de corrupción que detecten nas súas empresas e/ou organizacións, cunha serie de dereitos:

- Dereito a recibir información sobre os procedementos de protección previstos pola lei e os dereitos e garantías que lles corresponden.
- Dereito a recibir asesoramento xurídico gratuíto e especializado.
- Dereito á protección da súa identidade a través de medios que garantan a confidencialidade da mesma.
- Dereito de acceso aos medios necesarios para poder levar a cabo a denuncia de forma dilixente e eficaz.
- Dereito á protección contra represalias sufridas pola comunicación da infracción levadas a cabo por parte da entidade.
- Dereito a ser informado sobre o estado das investigacións.
- Dereito á restitución de posibles prexuízos sufridos como consecuencia da comunicación.
- Dereito a que as empresas e organismos públicos colaboren coas autoridades competentes na investigación das denuncias recibidas.

